



**FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO**

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO B.S.D. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS 2009

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO

REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: I AUTOCROSS DE BERGANTIÑOS

**CIRCUITO: MUNICIPAL DE CARBALLO
PROVINCIA: A CORUÑA**

DATA: 18-07-2009



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.D.S. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

A ESCUDERÍA BERGANTIÑOS MOTOR, organiza o día 18 de Xullo de 2009, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato e Copa de Galicia de Autocross.

Artigo 2.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

2.1.- As probas puntuables para este Campionato deberán admitir unicamente as participacións de vehículos comprendidos na División 1ª repartidos a súa vez nas seguintes clases de cilindrada, que a continuación se indican:

2.2.- DIVISIÓN 1ª

Derivados de vehículos de produción homologados ou non homologados:

CLASE I: Cilindrada menos de 1 .600 c.c.

CLASE II: Cilindrada mais de 1.600 c.c. sen límite de cilindrada.

CLASE III: Kart-Cross 600 c.c.

CLASE IV: Grupo P (supercrosscar e turismos) e 4x4 (libres e turismos).

* Ningunha categoría será constituída de non haber 6 vehículos autorizados a participar na proba na que se inscribirán a tódolos efectos.

2.3.- Os Supercrosscar e os 4x4 non provintes das series dos fabricantes, terán que ser homologados pola Federación Galega de Automovilismo, para Autocross e Montaña, e terán que posuir un pasaporte técnico obligatorio.

2.4.- Os vehículos deberanse presentar as verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, e cumprir-los pesos mínimos de 500 kg., os Supercrosscar, e de 950 kg. Tódolos 4x4, provintes de serie e prototipos.

2.5.- Os Comisarios Deportivos poderán. en calquera momento, non autoriza-la saída dun vehículo nunha proba, pola súa antigüidade, mal estado, modificacións non autorizadas ou calquera tipo de anomalía, que o seu criterio non cumpran coas medidas de seguridade esixidas.

2.6.- Un mesmo vehículo non poderá inscribirse en dúas clases na mesma proba.

Artigo 3.- DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.

3.1.- Os cinco mellor clasificados de cada clase otorgaráselle o número de dorsal segundo a súa clasificación na edición do Campionato de Galicia de Autocross 2008.

3.2.- Obrigatoriamente os números irán nas portas dianteiras e un terceiro irá no teito, segundo o artido 10.8 das prescricións comúns dos Campeonatos e Copas de Galicia 2009.

3.3.- Será obrigatorio que as organizacións dispoñan dos números suficientes, a maiores, para poñer nos vehículos de Kart-Cross e Turismos.

3.4.- A perda dun número de competición, poderá ser motivo de exclusión se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.

3.5.- Para pilotos que non se clasificasen na edición anterior, daráselle o número debendo cada piloto repoñer ditos números no caso de ter que sustitui-lo por arranxos de chapa ou outras razóns, pintándoo igual ó que se lle entregou, se non, penalizaráselle coa exclusión dos Comisarios Deportivos da proba.

Artigo 4.- INSCRICIÓN.

4.1.- Establécense para cada unha das probas puntuables uns dereitos de inscrición de 90 € aceptando a publicidade do organizador e 180 € non aceptando a publicidade do organizador.

4.2.- Si nunha categoría só houberse unha inscrición de 4 participantes, cunha antelación de 4 días o organizador poderá comunicar a Federación a anulación da devandita modalidade.

4.3.- O prazo de admisión de inscricións pecharase 3 días antes do inicio da proba, data na



**FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO**

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.D. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

que se publicará a lista de inscritos.

4.4.- O boletín de inscrición enviarase vía fax ó organizador cuberto e firmado, co nome, escudería, vehículo, cilindrada e número se ó ten asignado para á tempada, xunto co xustificante de pago. **FAX: 981-700383** ou **e-mail info@bergantiñosmotor.com**

4.5.- O Comité de Organización resérvase o dereito de refusa-la inscrición dun concursante ou dun Piloto debéndose da-los motivos. (Art. 74 do C.D.I.).

4.6- Será obrigatorio presentar nas verificacións, as licencias e o pasaporte do vehículo, requisitos obrigatorios para a súa admisión.

4.7.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria **LA CAIXA** sucursal de **CARBALLO** número de conta **2100-6235-98-0100058068**.

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantido a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 5.- HORARIOS DA PROBA.

Data	Horario	Programa	Lugar
18-06	14.00	Apertura de inscricións	SECRETARÍA DA PROBA 981 700383
15-07	15.00	Peche de inscricións	
15-07	20.00	Publicación lista de inscritos	
18-07	09.00 a 10.00	Verific. Administrativas Clase I e II	CIRCUITO
	10.00 a 11.00	Verific. Administrativas Clase III e IV	
	09.15 a 10.15	Verific. Técnicas Clase I e II	
	10.15 a 11.15	Verific. Técnicas Clase III e IV	
	10.30	Publicación lista de autorizados a toma-la saída Clase I e II	
	12.00	Publicación lista de autorizados a toma-la saída Clase III e IV	
	11.00	Saída adestramentos – 1.600 c.c.	
	12.00	Saída adestramentos +1.600 c.c.	
	12.45	Saída adestramentos Kart-cross	
	13.45	Saída adestramentos 4x4	
	14.45	Briefing	
	15.00	Semifinais – 1.600 c.c.	
	15.45	Semifinais + 1.600 c.c.	
	16.15	Semifinais Kart-cross	
	17.00	Semifinais 4x4	
	17.15	Final B – 1.600 c.c. ()	
	17.35	Final B + 1.600 c.c. ()	
	18.00	Final B Kart-cross ()	
	18.30	Final -1.600 c.c.	
	18.55	Final+ 1.600 c.c.	
19.30	Final kart-cross		
20.05	Final 4x4		
20.45	Publicación de resultados		
21.00	Entrega de premios		

() de non poder empeza-la Final B no horario establecido os comisarios Deportivos poderán suspende-las Finais B, pasando a disputarse directamente a Final A. Será obrigatorio que a



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.D. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

proba se faga sen apusas intermedias. Si se celebran mais ou menos mangas seminifinais ou final B, que as programadas no cadro horario do regulamento particular, despois dos adestramentos. Os Comisarios Deportivos publicarán no taboleiro de anuncios o novo horario e o avisarán por megafonía.

Artigo 6.- ORGANIZACIÓN DAS PROBAS.

6.1.- VERIFICACIÓNS.

6.1.1.- Establecerase un carné de verificacións de Autocross, que entregarse a cada piloto na primeira proba na que participe e que deberá presentar obrigatoriamente en cada unha delas.

6.1.2.- Establecerase un horario segundo o regulamento particular de cada proba.

6.1.3.- Os Comisarios das Verificacións administrativas e técnicas nos pasaportes administrativos anotarán tódalas anomalías que presenten os vehículos e de non ser arranxadas na seguinte carreira comunicarse ós Comisarios Deportivos que determinarán a súa autorización ou non a tomala saída e a Comisión de Autocross da F.G. de A, poderá abrir un expediente informativo, dando traslado á Comisión de Disciplina.

6.2.- CRONOMETRAXE.

6.2.1.- A cronometraxe efectuarase con aparatos de impresión de tempos como mínimo a 1/1000 de segundo. O cronometraxe, grellas de saída, e contavoltas, será levado ha cabo exclusivamente polo equipo da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.

6.2.2.- A toma de tempos iniciárase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.

6.2.3.- Calquera sistema de telemetría está prohibido.

6.2.3.1.- Radio. Todo sistema de radio-comunicación entre o conductor na pista e calquera outra entidade ou persoa está prohibido.

6.2.3.2.- Ante as consultas dos pilotos infórmase, que na temporada 2009, non será obrigatorio o transponder nas modalidades de Autocross nos Campionatos de Galicia da especialidade; sendo o cronometraxe oficial, co programa Tag-Heuer F1, e cronómetro Tag-Heuer 705, con células fotoeléctricas.

6.2.4.-As tandas de adestramentos cronometraranse volta a volta para cada participante e o mellor dos tempos obtidos servirá para tomar posición na grella da semifinal. No caso de empate entre dous ou mais vehículos no tempo da volta rápida, tomarase como método de desempate a segunda volta rápida e así sucesivamente. 6.2.5.- Si un vehículo voltea na tanda de adestramentos valeralle o tempo realizado na volta anterior, non podendo continuar para rebaixa-lo obtido.

6.2.6.-A carreira darase por finalizada unha vez cumpridas as voltas estipuladas no Regulamento Particular, dando o Director de Carreira a bandeira a cadros a todo participante que pase a liña de meta. Non e necesario cruzar meta para clasificarse, se dous ou mais vehículos quedan parados na pista no transcurso da carreira e na mesma volta, a efectos de clasificación terase en conta ó orde de paso de última volta pola liña de meta, se isto ocorre na primeira volta, teríamos en conta o lugar que ocupasen na grella de saída.

6.3.- GRELLAS.

6.3.1.- As grellas de saída terán unha composición de 3-2- 3-2. a separación entre vehículos será de 6 a 8 m entre cada liña. Non se poden colocar en paralelo no sentido lonxitudinal os vehículos.

6.3.2.- Os participantes teranse que presentar na pregrella de saída, trala saída da manga anterior, se non se persoasen, trala toma da bandeira de manga anterior quedaran excluídos e o seu posto na grella non será ocupado.

6.3.3.- No caso de que algún piloto non se puidera presentar na grella de saída, o seu posto



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

na grella non será ocupado e serán chamados os vehículos reservas sucesivos que se colocarán no derradeiro lugar da grella.

6.3.4.- No caso de avaría estando colocado en grella de saída, no se poderá facer ningunha reparación no vehículo que atrase a proba e o seu posto quedará libre (agas cambiar unha roda co permiso do Director de Carrerira).

6.3.5.- Nas finais, o conductor con dereito á 'Pole-Position' poderá escoller lugar na primeira fila. O clasificado no segundo lugar poderá escoller una das dúas prazas restantes. Isto será valido soamente para a primeira limia, o resto da grella colocarase coa pole no lado da primeira curva.

6.3.6.- As grellas formaranse, da seguinte forma:

-Adestramentos: por clasificación no Campionato(1ª proba por clasificación ano anterior), e as seguintes según a derradeira publicación e Campionato 2009.

- Semifinais: colocarase polos tempos obtidos nos adestramentos na orde de menor a maior.

- Final: Se só houbese unha semifinal a final formaríase na mesma orde na que rematou a semifinal.

Se houbese varias semifinais a composición da grella sería:

O primeiro sería o que rematase 1º da semifinal mais rápida, o segundo o 1º da segunda semifinal mais rápida, o terceiro sería o 1º da terceira semifinal mais rápida, se existise se non sería o 2º da semifinal mais rápida e así sucesivamente.

6.4.- SAÍDAS.

6.4.1.- En adestramentos darase a saída individualmente por medio dunha bandeira.

6.4.2.- A luz roxa debe permanecer acesa entre 1 e 4 segundos antes de cambiarse á luz verde ou apagarse.

6.4.3.- No transcurso da proba actuarán XUÍCES DE FEITOS para xulgar as saídas falsas e as penalizacións.

6.4.4.- As saídas anunciaranse 30 segundos antes cunha pancarta en cuio interior figure unha inscrición de 30 seg., indicativos do tempo aproximado que falta para toma-la saída. 5 segundos antes mostrarase outra pancarta coa inscrición 5 seg. 6.4.6.- A saída das Semifinais e Finais darase mediante semáforo. A saída será o instante no que se apague a luz roxa, despois de ensinar a pancarta de 5 seg.

6.4.7.- Haberá saída falsa para todo vehículo que abandone a posición que lle estaba asignada, antes de apagarse a luz roxa. Neste caso o piloto infractor será advertido da súa acción mediante a presentación dunha pancarta cunha F e o seu número na pizarra. Si esta infracción se produce nunha Semifinal ou Final non se parará a carreira e o piloto será penalizado con 1 minuto, o cual se sumarán ós obtidos na clasificación. Si a saída falsa é con excesiva antelación manifesta, a penalización poderá chegar ata a exclusión a criterio dos Comisarios Deportivos.

O diseño da pancarta de sinalización do aviso de saída, será o seguinte:

30 SEG.

60 x 40 cms

5 SEG.

60 x 40 cms.

(Poderase utilizar o anverso e o reverso da mesma para as dúas lecturas).

6.5.- BRIEFING.

O Director da Carreira reunirá ós participantes co fin de imparti-las normas de conducción e observacións pertinentes antes do comezo da proba.



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.D.S. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

6.6.- ADESTRAMENTOS.

6.6.1.- Cada serie de adestramentos terá un mínimo de 5 e un máximo de 10 vehículos na pista á vez. Clasificaránse para as Semifinais os 45 mellores tempos dos adestramentos.

6.6.2.- Os vehículos da clase I farán adestramentos entre sí, é dicir, separados da clase II, sempre e cando houberse máis de 4 inscritos, se non poderanse facer conxuntamente.

6.6.3.- A serie parárase cando o primeiro vehículo permaneza 5 voltas sobre a pista e cruce a meta.

6.6.4.- Os Comisarios Deportivos poderán eximir da realización dos adestramentos oficiais a algún participante, se causas xustificadas de forza maior lle impediron a realización dos mesmos, ocupando o último lugar na grella que se forme sempre e cando houberse sitio para él.

6.6.5.- Se nos adestramentos un coche voltea ou é axudado polo público ou por oficiais de pista, debidamente acreditados, considerase retirado a tódolos efectos. 6.6.6.- Na categoría de KART-CROSS, os Comisarios poderán facer volver á pista ó piloto que non poda traccionar por si mesmo hacía atrás, sempre e cando non houberse risco para ambos.

6.6.7.- Non se pode parar na pista de adestramentos, se non existe avaría. Si un vehículo rompese antes de finalizar-la 1ª volta de adestramento, sairá de último na semifinal.

6.6.8.- Á vista dos tempos realizados na volta rápida dos adestramentos confeccionarase unha lista de cada clase, constituída na orde de menor a maior tempo realizado.

6.7.-SEMIFINAIS.

As semifinais disputaranse a 5 voltas.

6.7.1.- Se hai 15 ou menos vehículos autorizados. Realizarase unha soa semifinal.

6.7.2.- Se hai de 16 a 30 vehículos autorizados. Realizaranse dúas semifinais.

6.7.3.- Se hai de 31 a 45 vehículos autorizados. Realizaranse tres semifinais.

6.7.4.-Final B: Disputarase a 6 voltas. Se non houberse mínimo de 22 vehículos Autorizados por Clase non haberá Final B (e mínimo de 8 na grella de saída) para poder celebrala, a criterio de Comisarios Deportivos.

6.8.- FINAL A.

A final realizarase a 8 voltas. O número máximo de vehículos clasificados será de 16.

6.8.1.- Clasificados para a final A:

- Se hai unha soa semifinal, clasificaranse todos os vehículos.

- Se hai dúas semifinais, clasificaranse os 8 mellores postos de casa Semifinal.

- Se hai tres semifinais, clasificaranse os 14 mellores postos de entres as tres semifinais, e os dous mellores da Final B.

6.8.2.- Os vehículos deberán dar entón unha volta de desaceleración ata a entrada do Parque Pechado.

6.9.- REGADURA DA PISTA.

O organizador deberá prever un sistema de regadura eficaz, antes de empeza-la proba, dispoñendo como mínimo de 20.000 litros de auga.

O horario de regadura así como a súa cantidade. queda a criterio e responsabilidade do Director de Carreira. Recoméndase efectuar un regadío previo o día anterior á proba.

6.10.- PARQUE PECHADO.

6.10.1.- A proba non termina ata entrar no parque pechado, e na volta de deceleración non se poderá sacar o casco, cintos, abri-la porta, nin montar ningún no vehículo



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.D.S. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

obrigatoriamente ata estar dentro do parque. (no caso contrario quedaría descalificado).
Tódolos vehículos terán que entrar no parque pechado, incluso os retirados.

6.10.2.- Despois da publicación oficial dos resultados definitivos, non se poderá sacar o vehículo do Parque Pechado, ata o levantamento do parque polos Comisarios Deportivos, transcorridos 15 minutos, se non houberse reclamacións.

6.10.3.- Para retirar-lo vehículo de Parque Pechado, será obrigatorio que sexa conducido, ben polo piloto ou por un mecánico con licencia de Asistencia en vigor expedida pola F.G.A.

Artigo 7.- PROCEDEMENTO NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA PROBA.

- Se o primeiro participante non completou dous pasos por meta, repítese toda a carreira.
- Se o primeiro participante completou dúas voltas pero non completou mais do 60 % da carreira, darase unha nova saída coa orde do último paso pola liña de meta e sumaranse os tempos obtidas nas dúas partes.
- Se o primeiro participante completou o 60 % da carreira, darase esta por finalizada, confeccionando a clasificación polo derradeiro paso pola liña de meta.

Artigo 8.- OBRIGACIÓNS DOS PILOTOS DURANTE A PROBA.

8.1.- Os vehículos deberanse mover polos seus propios medios, quedando polo tanto prohibido empuxar o vehículo no circuíto.

8.2.- Os participantes teñen que informar ó Director de Carreira, ó relacións cos participantes ou o Xefe de Boxes de que non van tomar parte nunha manga, a sanción poderá chegar a exclusión da proba.

8.3.- Estará prohibido, baixo pena de exclusión, conducir en sentido inverso ó da carreira, co traslado á Comisión de Disciplina.

Só se permitirá mover un vehículo en dito sentido para retiralo dunha situación perigosa e elo baixo a vixilancia dun oficial de proba.

8.4.- Cortar o paso intencionadamente a outro participante. ou calquera manobra de conducción antideportiva será penalizado coa exclusión e traslado á Comisión de Disciplina.

8.5.- No caso de que un vehículo se saia da pista, os oficiais poderán prestar axuda ó piloto empuxando o seu vehículo para sacalo dunha situación perigosa coa condición de que este desprazamento se limite a evacuación do vehículo da pista e se continua en carreira será descalificado.

8.6.- Queda prohibido ó piloto recibir axuda de terceiros, baixo pena de exclusión.

8.7.- Cando un vehículo voltee (en adestramentos ou nas mangas finais, os comisarios deberán volvelo a súa posición primitiva e retiralo da pista).

8.8.- No caso de avaría, deberán os conductores situar-lo seu vehículo fora da pista de maneira que a súa presenza non constitúa un obstáculo ou perigo para o resto dos participantes, debendo abandonar o mesmo, **será obrigatorio que o piloto antes de abandonalo vehículo ten que accionalo cortacorrentes.**

8.9.- Queda terminantemente prohibido pararse a menos de 100 m. da liña de meta, so pena de descalificación, e traslado á Comisión de Disciplina.

8.10.- Toda acción de enchido de gasolina ou aceite no circuíto, estará prohibida baixo pena de exclusión.

8.11.- A sinalización efectuarase mediante o Código de bandeiras descrito no Anexo "H" do C.D.I.

BANDEIRA ROXA: Presentada inmóbil e polo Director de Carreira, indica a tódolos pilotos que deben cesar inmediatamente de correr. Esta bandeira é obrigatoria en tódolos postos de control.



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.D.A. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

BANDEIRA NEGRA: Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, o piloto do vehículo do número indicado deberase deter no parque no seguinte paso polo mesmo.

BANDEIRA BRANCA E NEGRA DIVIDIDA MEDIANTE UNHA DIAGONAL EN DÚAS METADES:

Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, constitúe un aviso por conducta non deportiva ó piloto do vehículo do número indicado.

BANDEIRA NEGRA CON DISCO LARANXA:

Informa ó piloto do vehículo do número anotado que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de constituír un perigo para o mesmo ou para os demais pilotos e que deberase parar no parque de traballo no próximo paso polo mesmo.

BANDEIRA AMARELA: Perigo. Cando se mostre bandeira amarela estará prohibido facer adiantamentos ata revasa-lo obstáculo.

BANDEIRA AZUL: Debe deixar paso ó vehículo que lle sigue e intenta adiantalo.

O significado destas bandeiras esta explicado máis amplamente no Anexo "H" do C.D.I.

Artigo 9.- PREMIOS. PARA ENTREGAR OS TROFEOS POR PROBA:

A tenor dos resultados finais dos Campionatos e Copas de Galicia de Autocross concederanse os seguintes premios por proba:

Trofeos os cinco primeiros clasificados da final da clase I, clase II, clase III e clase IV.

E obrigatorio entregar unha coroa ó gañador da clase I, clase II, clase III e clase IV. A entrega de trofeos poderase facer ó finalizala FINAL de cada clase ou o termo da proba. Os vehículos será obrigatorio levalos antes da entrega de premios o parque pechado.

Entregaranse os seguintes premios en metálico recomendados pola Comisión de Autocross da F.G. de A. na final de cada evento:

Clasificado	Clase I	Clase II	Clase III	Clase IV
1º	350 € e Trofeo	350 € e Trofeo	350 € e Trofeo	350 € e Trofeo
2º	250 € e Trofeo	250 € e Trofeo	250 € e Trofeo	250 € e Trofeo
3º	150 € e Trofeo	150 € e Trofeo	150 € e Trofeo	150 € e Trofeo
4º	100 € e Trofeo	100 € e Trofeo	100 € e Trofeo	100 € e Trofeo
5º	80 € e Trofeo	80 € e Trofeo	80 € e Trofeo	80 € e Trofeo

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios.

Artigo 10.- CONCURSANTES ADMITIDOS.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2009 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 11.- TROFEO ESCUDERÍAS.

Otogarase en cada proba puntuable un trofeo á Escudería ou Club concursante que mais pilotos teña entre os cinco mellores clasificados de cada clase, sumando as catro clases.

Artigo 12.- ACTAS E INFORMES DA PROBA.

As actas de clasificación completas, incluíndo as mangas de adestramentos, clasificacións, finais, así como os informes dos Comisarios Técnicos, Comisarios Deportivos e Director de Carreira, deberán obrar no poder da F.G. de A., debidamente cumprimentadas, nun prazo non superior ós dous días; tamén deberán entregarse copias ó Inspector da proba, ó finalizar á mesma.



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.D. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Artigo 13.- OFICIAS DA PROBA.

DIRECTOR DA CARREIRA:

D. Angel Longueira Carballo GA-0010-OA

DIRECTOR ADXUNTO:

D. Ernesto Rumbo Queijeiro GA-1775-OA.

OBSERVADOR F. G. de A.:

D. Miguel González García GA-0007-OBS.

COMISARIOS DEPORTIVOS:

D. Fco. Javier Vázquez Alvarez GA-0014-OA.

D. José A. Silva Ferradas GA-0022-OA.

D. M^a Isabel Gómez Añón GA-0844-OA.

SECRETARIO DA PROBA:

D. Juan Carlos Pérez Gerpe GA-0843-OA

COMISARIOS DE VERIFICACIÓN ADMINISTRATIVAS:

D. María del Mar Barreiro Cotelo GA-1776-OD.

D. Adriana Cabeza Ramos GA-1777-OD.

COMISARIOS TÉCNICOS:

D. Carlos Rey Iglesias GA-1778-OC.

D. Victor Manuel Rey Ruiz GA-1779-OC.

XEFE DE SEGURIDADE:

D. Iván Barreiro Cotelo GA-1780-OA

XEFE DE BOXES:

D. Mauricio Rodríguez Varela GA-1781-OD.

RELACIÓN COS PARTICIPANTES:

D. Marcos Lista Varela GA-1782-OD.

CRONOMETRADORES:

D. Jose Antonio Penedo Marnotes GA-0002-OB.

GRELLAS DE SAÍDA:

D. José Ramón Rey Iglesias GA-1783-OD.

D. César Hernández Díaz GA-0886-OD.

COMISARIOS DE PISTA:

D. José A Bello Mol GA-1346-OD.

D. Ricardo Tomé Cancela GA-1565-OD.

D. Alberto Andrade Teijeiro GA-0853-OD.

D. Gonzalo Suárez Varela GA-1349-OD.

D. Manuel Parafita Couto GA-0855-OD.

D. Miguel Pérez Varela GA-1348-OD.

D. José M. García Allo GA-1341-OD.

D. Diego Lamas Calvo GA-1345-OD.

D. Iván Rama Pérez GA-1350-OD.

D. Alexander Díaz Rama GA-1347-OD.

D. Marcos Brandón Loureiro GA-1343-OD.

MÉDICO DA PROBA: Baldomero Borrajo Fortes COLEXIADO Nº: 7152

Don Angel Longueira Carballo, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número GA-0010-OA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.


Fdo: DIRECTOR DA PROBA
N.I.F.: 32.399.393-Y

ENTIDADE: Escudería Bergantiños Motor
Fdo. PRESIDENTE D Francisco Rojo Vilar
C.I.F.: G-70202577



CROQUIS/PLANO(SEN ESCALA) DO TRAZADO DO CIRCUITO

LONXITUDE CIRCUITO: 950 m.



CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS
BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

PROBA: _____



	CONCURSANTE		CONDUCTOR		ASISTENCIAS	
NOME						
APELIDO 1º						
APELIDO 2º						
D.N.I. - N.I.F.:						
TELEFONO						
LICENCIA	GA-	-EC	GA-	-AU	GA-	-AS

VEHÍCULO

MARCA E MODELO	MARCA DE NEUMÁTICOS	C.C.	CATEGORIA

O Concurante, declara baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o vehículo debe quedar clasificado no grupo e na clase sinalados anteriormente.

PAGO DE INSCRIPCIÓNS

Ingreso na conta:	Entidade	Oficiña	D.C.	Número de Conta
Importe da inscrición:	90,00 €uros	Accepta a publicidade facultativa: SI	<input type="checkbox"/>	
	180,00 €uros	Accepta a publicidade facultativa: NON	<input type="checkbox"/>	

COBRO DE PREMIOS - OPCIÓN DE ABONO QUE SE SOLICITA

A	Conta bancaria para transferencia de premios <input type="checkbox"/>	Entidade	Oficiña	D.C.	Número de Conta
B	En metálico <input type="checkbox"/>	C	Talón nominativo <input type="checkbox"/>		

O Concurante suscrito solicita a súa inscrición para participar no _____, declarando coñece-lo regulamento da proba, ó cal se somete aceptando sen ningunha reserva, tanto por si mesmo como polos seus conductores.

Asdo: O Concurante

No _____, a _____ de _____ de 2009